



## GUÍA DE AXUDAS A PERSOAS AUTÓNOMAS E EMPRESARIAS ANTE O COVID-19.

A Xunta de Galicia habilita un teléfono, para resolver as dúbidas ás persoas empresarias relacionadas coas axudas ante o covid-19, **Liña Empresas: 900 815 600.**

- **Liquidez.**

- **Liñas ICO.** O tipo de interés negociase e a tramitación realízase directamente coa entidade bancaria.

- **IGAPE.** Préstamos avalados para apoiar ás pemes e autónomos no contexto do actual brote de covid-19. Prazo ata o 30/09/20. Cun interés fixo 1,5%, aínda que a Xunta bonifica o 100% dos intereses. Solicitude e atención Telemática a través do teléfono 900 81 51 51 ou 981 54 11 47

- **Aprazamento das cotas de amortización e xuros** da liquidación de todos os préstamos formalizados coa Xunta de Galicia. Máis información aquí: <http://www.xesgalicia.es/>

- **Cese de actividade.**

Calquera traballador por conta propia inscrito no réxime correspondente que se vexa afectado polo peche de negocios debido á declaración do estado de alarma ou vexa reducidos os seus ingresos un 75%, poden acceder ao coñecido como “paro dos autónomos”. Para poder optar é necesario estar ao día nos pagos á Seguridade Social e estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) o 14 de marzo (día do decreto o estado de alarma). A xestión desta prestación corresponderá á mutua colaboradora coa Seguridade Social á que estea adscrito o traballador ou traballadora.

- **Moratoria Fiscal.**

Entre as medidas económicas do Real Decreto-lei 7/2020 para paliar os efectos do coronavirus, existe un adiamento fiscal ao que poderán acollerse as empresas ou entidades cun volume de operacións inferior a 6.010.121,04 euros. O límite do importe a aprazar sen achegar garantías é 30.000 euros.

Poderanse aprazar todas as débedas cuxo prazo de declaración e ingreso atópese comprendido entre a data de publicación do Real Decreto-lei 7/2020, o 13 de marzo de 2020, e o 30 de maio de 2020, ambos incluídos. En concreto, os conceptos que entran neste adiamento afectan aos seguintes modelos:

- Retencións e ingresos a conta: modelos 111, 115 e 123.
- Pagos fraccionados do IRPF: modelo 130 e 131.
- Pagos a conta do Imposto de Sociedades: modelo 202.
- Declaración trimestral de IVE: modelo 303.

Consiste nun aplazamento máximo de seis meses, co tres primeiros de carencia. É dicir: o tres primeiros meses non hai intereses; entre tres e seis, están bonificados; e a partir de seis meses, pagaríase a metade do habitual.

Máis información en: [agenciatributaria.es](http://agenciatributaria.es) ou nos teléfonos:

Información tributaria básica

Teléfono: 901 335 533 (accesible tamén a través do 91 554 87 70)

Horario: De luns a venres, de 9 a 19 horas (até as 15 horas en agosto)

Asistencia sobre débedas e recadación  
Teléfono: 901 200 350 (accesible tamén a través do 91 553 68 01)  
Horario: De luns a venres, de 9 a 14 horas.

- **Autónomos que tributen por módulos poderán acollerse ao sistema de estimación directa** sen a obrigaón de permanecer tres anos.
- **Moratoria do pago cotas Seguridade Social.** Permitirá ás empresas e autónomos o aplazamento ou moratoria, segundo o sector e mes, polos conceptos de recadación conxunta cuxo período de devengo estea comprendido entre os meses de abril e xuño de 2020.

Tanto as moratorias como os aplazamentos deben solicitarse antes do transcurso dos dez primeiros días naturais do prazo regulamentario de ingreso.

Por tanto, aquelas empresas que así o desexen poderán:

- Solicitar até o próximo día 10 de abril, o aplazamento no pago das cotas correspondentes ao mes de marzo de 2020.
- Solicitar desde o día 1 ao día 10 de maio, a moratoria de 6 meses, sen interese, no pago das súas cotizacións sociais, e por conceptos de recadación conxunta, correspondentes ao mes de abril, ou, na súa falta, o adiamento das cotas do devandito mes de abril, o que implicaría o ingreso en prazo regulamentario da achega dos traballadores, así como das cotas por accidente de traballo e enfermidade profesional.
- Solicitar desde o día 1 ao día 10 de xuño, a moratoria de 6 meses, sen interese, no pago das súas cotizacións sociais, e por conceptos de recadación conxunta, correspondentes ao mes de maio, ou, na súa falta, o adiamento das cotas do devandito mes de maio, o que implicaría o ingreso en prazo regulamentario da achega dos traballadores, así como das cotas por accidente de traballo e enfermidade profesional.
- Solicitar desde o día 1 ao día 10 de xullo, a moratoria de 6 meses, sen interese, no pago das súas cotizacións sociais, e por conceptos de recadación conxunta, correspondentes ao mes de xuño.

Tramitacións: As solicitudes deberán presentarse, no caso de empresas, a través do Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social (Sistema REDE). Máis información: [seg-social.es](http://seg-social.es)

- **Plans de pensións.** Os autónomos ou empresarios que se viron obrigados a pechar os seus negocios poden acceder ao rescate dos seus plans de pensións.
- **Moratoria dos créditos hipotecarios.**  
A hipoteca deberá ter sido destinada a adquisición dun dos seguintes bens:
  - A vivenda habitual.
  - Inmobles afectos á actividade económica.
  - Vivendas distintas á habitual en situación de alugueiro e para as que o debedor hipotecario persoa física, propietario e arrendador de ditas vivendas, deixara de percibir a renda do alugueiro dende a entrada en vigor do Estado de alarma ou deixe de percibila ata un mes despois da finalización do mesmo.

Tramitación: Presentar ante a entidade financeira a solicitude de moratoria. Prazo de presentación da solicitude: ata 15 días despois do fin do estado de alarma.

Máis información sobre o procedemento:

[http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/moratoria\\_hipotecaria](http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/moratoria_hipotecaria)

- **Moratoria ou préstamo para o pago do aluguer.**

- Traballador en situación de desemprego
- Traballador sometido a Expediente de Regulación de Empleo. (ERTE)
- Empresario ou profesional sometido a redución de xornada por motivo de coidados ou circunstancias similares que supoñan una perda substancial de ingresos.

Máis información sobre tramitación e prazos:

Préstamo: [http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/prestamos\\_alugueiro](http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/prestamos_alugueiro)

Moratoria: [http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/moratoria\\_aluguer](http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/moratoria_aluguer)

- **Bono social eléctrico autónomos.**

A medida, de carácter excepcional e temporal, considerará consumidores vulnerables aos traballadores por conta propia que acrediten a suspensión ou redución da súa actividade profesional con data posterior ao 14 de marzo de 2020, na que entrou en vigor o Real Decreto 463/2020.

Aos profesionais autónomos que adquiren a condición de consumidor vulnerable aplicaráselles un desconto do 25% sobre a factura de luz durante un máximo de 6 meses, sempre que dean as condicións recollida no Real Decreto-lei 11/2020.

Información: Telf.: 913 146 673 (de luns a venres de 09:00 a 14:00h). Enviar consultas a: [ciudadano@idae.es](mailto:ciudadano@idae.es)

- **Autónomos contaxiados por coronavirus.** O Covid-19 será considerado como accidente laboral e non como enfermidade común.

**¡Lembra!, esta información está en constante actualización. Revisa as webs indicadas para consultar a derradeira actualización.**